Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
28.12.2022

LUGAR: Salón de Graos (4º andar) do edificio de Facultades do Campus de Ourense.
DATA: 28.12.2022
HORA DE COMEZO: 12:10
HORA DE REMATE: 14:10

LISTA DE ASISTENTES
Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Calviño Rodríguez, Xulio
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Gómez, César Enrique
Martiño Gómez, Antonio
Michinel Álvarez, Miguel Ángel
Mollinedo Lois, Carlos
Muleiro García, Avelino
Novoa Rodríguez, María Sol
Ojea Bouzo, Armando
Ortiz Álvarez, Ana María
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Sánchez Gándara, Rosa María
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA
Caparrini Marín, Natalia
Castro Mouzo, Mercedes
Diz Folgar, Manuel
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Santamaría Conde, Juan José

SECRETARIO
Rodríguez Iglesias, Ignacio

O mércores, 28 de decembro de 2022, ás 12:10 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (18.11.2022).
2. Informe do presidente.
3. Informe do Reitor.

Acordos, propostas e informe da Comisión Económica (reunión do 21 de decembro de 2022)

4. Informe favorable para ratificación, se procede, sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2023, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.
5. Emisión de informe favorable para aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio 2023.
6. Informe favorable para ratificación, se procede, sobre a Oferta de Emprego Público do PDI da Uvigo para o ano 2022. (Consello de Goberno do 29.11.2022).
7. Aprobación, se procede, da adhesión da UVigo á Rede ANEXXI de universidades para a realización de traballos científicos e técnicos que posibiliten a elaboración e publicación do "Atlas Nacional de España del siglo XXI".
8. Aprobación, se procede, da aceptación pola UVigo da doazón de equipos informáticos para uso de estudantes.
9. Proposta de orzamento do Consello Social para o exercicio 2023.
10. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de novembro de 2022.
11. Asignación de complementos retributivos a profesores da UVigo por Cargos de Xestión, correspondente a convocatoria de 2021, consonte as valoracións positivas acordadas pola ACSUG.
12. Informe que proceda sobre a proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (Consello de Goberno do 21 de decembro de 2022).
13. Aprobación, se procede, da modificación das taxas por actividades deportivas correspondentes ao curso 2022/2023.
14. Aprobación, se procede, da Memoria final da VI edición do Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas".
15. Aprobación, se procede, da edición da Memoria do Consello Social correspondente a 2021.
16. Informe do Reitor sobre as sociedades participadas da UVigo (FUVI, CUSA e CITEXVI).
17. Rogos e preguntas.

O presidente agradece á Vicerreitoría do Campus a acollida e celebra a oportunidade de volver a celebrar unha sesión en Ourense. Así mesmo agradece a asistencia dos presentes a este pleno, que reciben como agasallo unha axenda e un exemplar da publicación "Barómetro de empregabilidade sostible da Universidade de Vigo".

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (18.11.2022).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa manifesta subscribir un recente artigo do reitor no que se declaraba partidario de seguir traballando *"para que a sociedade teña cada vez un acceso máis fácil e intuitivo ao que facemos….para que nos coñeza e senta cada vez máis satisfeita e orgullosa".* Afirma a presidente que ese obxectivo da UVigo está fundado en feitos como presentar o orzamento máis alto da súa historia, para avanzar en xestión, docencia, investigación e transferencia. Sinala tamén o camiño marcado para a igualdade, a transparencia ou a internacionalización. Na liña de cooperación máxima, en aras da operatividade, ofrece a disposición do Consello Social para axustar e considerar en futuros exercicios -se fose preciso- todas as competencias que lle son propias nas normas de execución do orzamento. Neste senso recoñece o esforzo da Xerencia para elaborar o orzamento que se presenta nesta sesión.

Da orde do día destaca a creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación e o que supón para o Campus de Ourense.

Respecto do Consello Social apunta que se mantén nas cifras de exercicios anteriores, e advirte sobre a súa fortaleza, consonte o estudo feito pola Fundación Haz no conxunto do estado. Así mesmo dá conta de que o Plan de actuación para 2023 queda supeditado á entrada en Vigo da nova Lei do Sistema Universitaria (LOSU), que podería entrar en vigor en marzo e que previsiblemente cambiará o papel, a misión e as competencias dos consellos sociais dentro das universidades.

Finalmente, o presidente anuncia que Vigo acollerá en abril as xornadas da Asemblea da Conferencia de Consellos Sociais de España.

Para rematar, reflexiona sobre o documento base que se está a elaborar para a futura lei de ensinanzas artísticas, que ao cabo non contempla a integración destes estudos nas universidades senón un achegamento e unha colaboración máis estreita, e prevé os mesmos dereitos para os 100 mil alumnos que os que teñen os universitarios tanto no acceso a becas como a outras axudas.

No tocante á tramitación da LOSU explica que deixará en poder das Comunidades Autónomas moitos aspectos vencellados á regulación e funcionamento das universidades, e mesmo dos Consellos Sociais, polo que haberá que agardar a que se aprobe definitivamente nas Cortes, previsiblemente en marzo.

Por último deixa constancia da extinción -por esgotarse o prazo neste pleno- da facultade delegada no Reitor para autorizar transferencias de crédito, agradecéndolle o coidadoso uso que fixo da delegación.

PUNTO 3

Informe do reitor.

Agradece Manuel Reigosa as alusións e resalta a función, o apoio e a colaboración do Consello Social coa UVigo. Tras referir as fortalezas do Campus de Ourense, con especial mención á planta piloto de industrias alimentarias con tecnoloxía de vangarda e que podería entrar en funcionamento en febreiro, repasa as fortalezas e alianzas que están en marcha "que darán un pulo moi grande a este Campus". De seguido anuncia a creación dunha nova páxina web trilingüe da UVigo.

Menciona a situación na que se atopa o debate sobre a LOSU, que compromete o 1% do PIB para as universidades (o que suporía 3.000 M€ adicionais para o sistema), e que obrigará a elaborar novos estatutos en ano e medio. Actualiza información sobre a nova proba de acceso ás universidades e sobre as prácticas tanto curriculares como extracurriculares "a aspiración é que todo o estudantado poida facer prácticas nunha empresa durante a carreira". Informa de recoñecementos internacionais a investigadores da UVigo; obras en marcha; metaverso da UVigo e plan de virtualización do UNIverso UVigo; actividades e accións no ámbito enerxético, e iniciativas sobre autoconsumo na comunidade universitaria.

Dá conta das estruturas de investigación e evolución do número de axudas e captación de fondos das distintas administracións por actividades de I+D, proxectos de transferencia, spin-offs, patentes e convenios. Resume que en 2022 acadáronse 41,5 M€ en I+D+i sen contar os convenios, cun importante aumento dos investigadores visitantes (pasan de 92 en 2021 a 135 en 2022). Conclúe que se pecha un ano "extraordinario" na captación de talento, "que nos convirte nunha universidade atractiva".

Destaca a pertenza de pleno dereito á Athena European University, feito que define como "un antes e un despois" no obxectivo da internacionalización.

PUNTO 4

Informe favorable para ratificación, se procede, sobre o teito de gasto da UVigo para o exercicio orzamentario de 2023, ao abeiro do disposto no Real Decreto 14/2012, do 20 de abril.

Toma a palabra Juan Manuel Vieites, presidente da Comisión Económica, a quen Ernesto Pedrosa agradécelle a implicación e o compromiso co Consello Social e expresamente coa Comisión. Vieites informa dos asuntos tratados e debatidos na reunión de 21 de decembro, e -á vista dunha discrepancia resolta finalmente por consenso- participa da necesidade de abordar o futuro con avances e acordos negociados entre Consello Social e Universidade, con antelación ao peche do seguinte orzamento, sobre a mellor interpretación posible das normas de execución, tendo en conta as competencias que o Consello Social ten recoñecidas e as necesidades de axilizar e facer o máis operativa posible a xestión orzamentaria.

Expón as grandes cifras do orzamento e os principais indicadores e resume o contido do resto dos puntos que se elevan dende a Comisión ao Pleno.

De seguido, a xerente, Yolanda Lesmes, agradece a introdución e o posicionamento de Juan Manuel Vieites, explica o método de cálculo seguido, a normativa e os criterios aplicados, concluíndo coa proposta do teito de gasto non financeiro para 2023, que non poderá superarse.

- *O Pleno ACORDA emitir informe favorable.*

PUNTO 5

Emisión de informe favorable para aprobación, se procede, da proposta de orzamento da UVigo para o exercicio 2023.

Yolanda Lesmes contextualiza o marco normativo no que se desenvolve o orzamento e a evolución económico-financeira da UVigo coas achegas dos Plans de Financiación do SUG no período 2016/2023, que no referido a 2023 e fronte ao anterior cualifica como "moi favorable" para a economía da institución. Subliña o esforzo e a disciplina orzamentaria e de xestión "para manter a saúde da universidade". A grandes trazos e mediante gráficas presenta as principais referencias sobre ingresos e gastos, salientando a estabilidade do equilibrio orzamentario dende 2012, a incentivación da captación de recursos en fontes non tradicionais, o cumprimento dos prazos legais para facer fronte aos pagamentos e o emprego de remanente de tesourería para financiar os pagamentos derivados de gastos.

Ernesto Pedrosa agradece á xerente a exposición clara e comprensible, e ao presidente a aos membros da Comisión Económica o traballo feito e a participación activa. Yolanda Lesmes agradece o apoio do pleno e o traballo de todos cantos participaron na elaboración do documento orzamentario.

- *Apróbase a emisión de informe favorable.*

PUNTO 6

Informe favorable para ratificación, se procede, sobre a Oferta de Emprego Público do PDI da Uvigo para o ano 2022. (Consello de Goberno do 29.11.2022).

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da adhesión da UVigo á Rede ANEXXI de universidades para a realización de traballos científicos e técnicos que posibiliten a elaboración e publicación do "Atlas Nacional de España del siglo XXI".

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 8

Aprobación, se procede, da aceptación pola UVigo da doazón de equipos informáticos para uso de estudantes.

O presidente indica que se trata dunha doazón de 16 ordenadores que efectúa o Banco Santander para que poidan ser utilizados polo estudantado das bolsas "Santander tecnología conecta" que os precisen. Rematada a actividade, pasarán a ser propiedade da UVigo.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 9

Proposta de orzamento do Consello Social para o exercicio 2023.

O presidente expón os aspectos máis significativos recollidos na documentación remitida aos membros.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 10

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo no mes de novembro de 2022.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 11

Asignación de complementos retributivos a profesores da UVigo por Cargos de Xestión, correspondente a convocatoria de 2021, consonte as valoracións positivas acordadas pola ACSUG.

Preséntanse ao pleno as asignacións correspondentes a tres remesas consonte resolución da ACSUG de 13 de maio, 16 de xuño e 17 de agosto.

- ***O Pleno acorda a asignación.***

PUNTO 12

Informe que proceda sobre a proposta de creación do Instituto de Agroecoloxía e Alimentación (Consello de Goberno do 21 de decembro de 2022).

Trala introdución do presidente, explica o reitor como se crea o Instituto, os procesos de aprobación e validación que supera e os informes externos "que non puideron ser máis positivos". Manuel Reigosa, que se declara "orgulloso" deste paso, cita as infraestruturas avanzadas das que disporá e considera que será moi competitivo de cara ás convocatorias da Xunta previstas para 2023.

O Instituto nace coa vocación de converterse en centro de referencia para acadar sistemas agroalimentarios máis sostibles, seguros e circulares, a través da I+D+i, e co obxectivo final de converter a Galicia nun referente europeo en agroecoloxía e alimentación.

- ***O Pleno informa favorablemente.***

PUNTO 13

Aprobación, se procede, da modificación das taxas por actividades deportivas correspondentes ao curso 2022/2023.

A Vicerreitoría de Extensión universitaria propón tres modificación ás tarifas para o curso 2022/2023, aprobadas polo Consello Social o pasado mes de outubro. Vista a xustificación en cada caso (en dúas por ter decaído a actividade), o pleno dá a súa conformidade.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 14

Aprobación, se procede, da Memoria final da VI edición do Curso complementario en "Pilates en mat para fisioterapeutas".

Aclara o presidente que a Memoria que se presenta constitúe un feito excepcional porque corresponde a un curso con taxas aprobadas no Consello Social o 19 de outubro de 2021, polo que debe aprobar a Memoria final.

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 15

Aprobación, se procede, da edición da Memoria do Consello Social correspondente a 2021.

Ernesto Pedrosa comunica que se está a traballar para que a publicación da Memoria poida ser entregada na próxima sesión, e valora o traballo de produción e redacción feito pola secretaría.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 16

Informe do Reitor sobre as sociedades participadas da UVigo (FUVI, CUSA e CITEXVI).

Dá cumprimento o reitor ao compromiso de presentar este informe, feito no pleno do pasado 29 de xuño. Subliña que a presentación queda a disposición do Consello Social para posible consulta de calquera membro presente ou ausente nesta sesión. Apunta que é habitual nas universidades españolas a existencia de sociedades semellantes, dándose o caso en Galicia de universidades ata con tres fundacións.

Sobre **Cidade Universitaria, S.A. (CUSA**) refire a súa creación a principios de 1999, partillada por entidades e administracións de Pontevedra, e posteriormente tamén de Ourense, para dotar de servizos aos Campus para construír unha cidade universitaria, un sitio para vivir. Neste punto pide ao presidente do Consello Social que siga formando parte dos órganos de goberno de CUSA, e engade que non ve inconveniente ningún en que así sexa.

Manuel Reigosa sinala que a UVigo posúe o 57,14% do capital social, que ascende a 5,8M€. Sumando a adquisición do Edificio Miralles (2005) e o Teatro (2010), a UVigo desembolsou en CUSA como inversión en capital social máis adquisición de inmobles 9,59M€. Os gastos correntes dende 2016 supuxeron un importe total de 1,14M€, para mantemento do Edificio Miralles e alugueres. En conxunto 10,74M€.

Como reflexión aos datos expostos, Manuel Reigosa reflexiona sobre o aproveitamento e o retorno deste desembolso, concluíndo que a rendibilidade de uso e de metros é pequena e pouco eficiente.

Respecto a **Cidade Tecnolóxica de Vigo (CITEXVI**) lembra que é una sociedade anónima de dereito privado para actividades de I+D+i, constituída en 2006 para promover o intercambio tecnolóxico entre a UVigo e a empresa. Indica que a UVigo ten o 25% do capital social (1.850.000 €) e que os pagos dende 2016 sumaron 332.339 euros. Cita como vantaxes fronte a CUSA que a inversión está máis repartida cos axentes sociais e que permite incrementar laboratorios puntuais para novos grupos de investigación sen ter que facer grandes inversións. Manifesta que a ocupación é do 98%, sen posibilidade de ampliación porque non hai espazo. Como conclusión expón varias preguntas que poderían levar a considerar a inversión como "economicamente ineficiente" para a UVigo.

En canto á **Fundación Universidade de Vigo (FUVI),** comenta que é unha entidades sen ánimo de lucro, creada en 1997, para actuacións de emprego, emprendemento e formación. Describe os obxectivos. A UVigo ten o 100% do fondo patrimonial (66.101 €) e os pagamentos dende 2016 ascenderon a 650.000 €, e os gastos a 2,6 M€. Estes pagamentos, a maiores das aportacións que fai a UVigo (90.000 €) e o Consello Social (20.000 €), atenden aos encargos do Centro de Linguas, Prácticas extracurriculares e Comunicación.

O reitor valora que sendo un ente instrumental, permite facer actividades que lle corresponden á propia universidade a un custo inferior e de xeito máis flexible. Engade que neste momento está sendo cada vez máis difícil facer encargos de xestión e o suposto aforro de custos é cada vez menor que se se fixese dende dentro da universidade. Conclúe que é preciso repensar a utilidade da FUVI xa que todos os seus campos perderon sostibilidade: o Centro de Linguas é deficitario, as Prácticas extracurriculares están feridas de morte pola nova normativa legal, e en Comunicación a maior parte das persoas pasan á UVigo por sentencia xudicial.

Remata sobre a importancia de reflexionar xuntos sobre a situación exposta e sobre as posibles liñas de futuro, para o que pide a aportación do Consello Social. Pecha esta intervención reiterando a petición ao presidente do Consello Social respecto da presencia en CUSA.

Ernesto Pedrosa agradece a claridade e certezas do informe presentado. Así mesmo declara que como presidente do Consello Social entende que a súa primeira obriga é estar ao servizo da UVigo, polo que anuncia que atende a petición do reitor e manterase nos órganos de goberno de CUSA, coa salvagarda de poder pedir en algún momento un informe xurídico ao respecto, se por circunstancias extremas e sobrevidas fose preciso e para non prexudicar á universidade.

PUNTO 17

Rogos e preguntas.

Teresa Cendón pregunta polas características do buque oceanográfico encargado pola UVigo, e se a negativa do alcalde de Vigo a ceder terreos na zona da ETEA afecta á universidade. O reitor resposta que o buque foi adxudicado a Rodman e que as características son extremadamente esixentes. Sobre a segunda cuestión aclara que ten o compromiso do alcalde dunha cesión gratuíta por 50 anos e que dependendo de, de que terreos se estea a falar, podería ser un problema ou non, polo que se interesará polo asunto.

A Xosé Manuel Atanes preocúpalle a falta de residencias para estudantes e os problemas para poder vivir en Vigo, e opina que sería moi favorable que houbese máis oferta de vivenda para poder residir no Campus, e un maior acceso a axudas ou becas. Argumenta o reitor que neste senso a prioridade é Pontevedra porque non hai alternativa. Comprométese a solicitar datos e elaborar un estudo sobre a ocupación e os custos das actuais Residencias universitarias, para presentalo no próximo pleno do Consello Social. Sobre a situación de Pontevedra, sinala Carlos Mollinedo a alta importancia de dispor dunha residencia no Campus.

Juan Manuel Vieites pide unha estimación de canto recibiría a UVigo se sae adiante o disposto no anteproxecto da LOSU de destinar ás universidades o 1% do PIB. Manuel Reigosa estima que dependerá de que haxa unha lei de acompañamento e de que Goberno central e Comunidades concorden. En todo caso advirte que para a UVigo non representará moito porque co novo Plan de financiamento do SUG xa está preto dese 1%.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:10 horas do 28 de decembro de 2022, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

Ernesto Pedrosa Silva

O secretario,

Ignacio Rodríguez Iglesias